



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 8 de marzo de 2017 pola que se nomean vogais do Consello Reitor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

O artigo 8 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos, establece o Consello Reitor como órgano de goberno integrado pola Presidencia e oito vogais, xunto cunha secretaria.

O apartado 1 do artigo 11 do referido decreto regula a composición deste Consello Reitor dispoñendo o seguinte:

«1. O Consello Reitor estará composto polos seguintes membros, que serán nomeados pola persoa titular da consellería de adscrición:

a) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de comercio e o seu suplente.

b) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de industria e o seu suplente.

c) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de facenda e o seu suplente.

d) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de saúde pública e o seu suplente.

e) Unha persoa en representación da consellería competente en materia do mar e o seu suplente.

f) Unha persoa en representación da consellería competente en materia do medio rural e o seu suplente.

g) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de administracións públicas e administración de xustiza e o seu suplente.



h) Unha persoa en representación da consellería competente en materia de turismo e o seu suplente.».

En virtude do anterior, e unha vez feitas as designacións por parte das respectivas consellerías, é necesario facer o seu nomeamento para xeral coñecemento.

Así, de conformidade coas atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 11 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos,

DISPOÑO:

Nomear vogais do Consello Reitor do Instituto Galego do Consumo e da Competencia ás seguintes persoas:

a) En representación da consellería competente en materia de comercio:

- Como vogal titular: José María Pita Ponte, xefe do Servizo de Protección ó Consumidor.

- Como vogal suplente: Miguel Ángel Palacios Rodríguez, xefe do Servizo de Información, Cooperación e Fomento.

b) En representación da consellería competente en materia de industria:

- Como vogal titular: Paula María Uría Traba, subdirectora xeral de Enerxía.

- Como vogal suplente: M.^a Isabel Castro Sánchez, xefa do Servizo de Infraestruturas Enerxéticas.

c) En representación da consellería competente en materia de facenda:

- Como vogal titular: Ángeles Vidal Ruiz, subdirectora xeral de Apoio Técnico-Xurídico.

- Como vogal suplente: Luis Emilio Araújo Rodríguez, vicesecretario xeral.

d) En representación da consellería competente en materia de saúde pública:

- Como vogal titular: Andrés Paz-Ares Rodríguez, director xeral de Saúde Pública.



- Como vogal suplente: Ángel Gómez Amorín, subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.

e) En representación da consellería competente en materia do mar:

- Como vogal titular: Antonio Rodríguez Fernández, subdirector xeral de Pesca e Mercados de Pesca.

- Como vogal suplente: Ramón Fernández Conchas, xefe do Servizo de Mercados.

f) En representación da consellería competente en materia do medio rural:

- Como vogal titular: Ricardo Rivas Barros, subdirector xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria.

- Como vogal suplente: María José González González, xefa do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria.

g) En representación da consellería competente en materia de administracións públicas e administración de xustiza:

- Como vogal titular: Nicolás Vázquez Iglesias, vicesecretario xeral.

- Como vogal suplente: José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico.

h) En representación da consellería competente en materia de turismo:

- Como vogal titular: José Luis Maestro Castiñeiras, director de Competitividade da Axencia de Turismo de Galicia.

- Como vogal suplente: Paloma Vázquez Fernández, xefa da Área Provincial de Lugo da Axencia de Turismo de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de marzo do 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria